

## Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 18 de xaneiro de 2017

### Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen  
Comendador Rey, Beatriz  
Eguileta Franco, José M<sup>a</sup>  
Garrido Labrador, Begoña  
Presedo Garazo, Antonio  
Real López, Arturo  
Reboreda Morillo, Susana  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, Beatriz

### Desculpan a súa ausencia:

López Díaz, María (Ano  
sabático)  
López López, Marta  
Sánchez Ferro, Pablo

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o mércores 18 de xaneiro de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 16 de xaneiro de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (19 de decembro de 2016)
- Informe da Decana
- Validación, se procede, do Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade
- Validación, se procede, do Informe definitivo de autoavaliación de renovación da acreditación
- Validación, se procede, do Informe de renovación da acreditación do Máster interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
- Rolda de intervencións

## 1. Lectura e aprobación da acta anterior (19 de decembro de 2016)

Apróbase a acta por asentimento.

## 2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático), Marta López e Pablo Sánchez.
- Informa que dende a Área de Calidade nos comunicaron que o día 10 de marzo virán a acreditar o título. Cando nos envíen o calendario teremos unha xuntanza a Comisión de Calidade con membros da Área de Calidade da UVigo para poder resolver todas as dúbidas, procurarase que sexa pola tarde para que todos os membros podan asistir. Tamén nos teñen que requirir a documentación que, a maiores da estipulada, precisan para o proceso.
- Comenta que se está a elaborar o Informe de Revisión pola dirección, dende a Área de Calidade nos deron unha moratoria xa que o Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade solicitado a finais de decembro pola ACSUG ten prioridade.
- Cédelle a palabra a Beatriz Comendador para que explique o estado do máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. A coordinadora deste título recorda que neste curso académico só se oferta un módulo debido á caída do máster da Escola de Restauración, en consecuencia hai que realizar reformas na memoria con dúas vías posibles respecto a oferta formativa: ofertar o máster completo ou suprimir o módulo de restauración, ampliando as materias do vixente. Fíxose un tanteo para ver as posibilidades de colaboración nesa reforma, pero dende a E.T.S. de Minas non houbo, a nivel xeral, apoio do profesorado implicado. Tanto a coordinadora, como a secretaria, Beatriz Vaquero, puxeron o seu cargo á disposición porque non queren afrontar esa remodelación. Na vindeira Xunta de Facultade se incluírá na orde do día este tema para ver se alguén do centro quere asumir a coordinación e a secretaría do máster e poder así, seguir vinculado ao centro.
- Informa que a pasada semana o equipo decanal mantivo unha reunión co Vicerreitor de Economía e Planificación, co obxecto de coñecer as nosas preocupacións ou solicitudes. Explicáronse os procesos de Calidade nos que está o centro inmerso neste curso, así como a planificación estratéxica. O vicerreitor comentou que non se ía convocar a axuda como nos pasados anos para o plan de viabilidade do grao, pero que si ía seguir apoiando accións

concretas que planificase o centro. Respecto ao Contrato-Programa, que rixe o orzamento do centro, o Comisionado de Plans Estratéxicos comunicounos que tiñamos moi bos resultados nos indicadores do centro e que iamos mellorando.

- Begoña Garrido, a persoa responsable da campaña de promoción do Grao nos Centros de Ensinanza Media, trouxo os comentarios finais do alumnado sobre a actividade (xogo do “Quen é quen”) sobre as saídas profesionais. Os comentarios son bastante bos e se prevé pasar unha enquisa máis formal ao remate de cada charla.

### **3. Validación, se procede, do Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade**

A decana explica que a mediados do mes de decembro a Xunta de Galicia solicitou un informe sobre como se desenvolveu o Plan de viabilidade do centro, en concreto, unha revisión de todos os ítems para comprobar o seu desenvolvemento.

Envíase un borrador á directora da área de grao, quen achegounos unha serie de correccións e suxestións, como que levamos este plan de captación aos centros de Ensinanza Media de Pontevedra. Aspecto que quere comentar coa Comisión. O colaborador da Calidade, Antonio Presedo, opina que tamén se debería levar o plan ao alumnado de 2º de Bacharelato, pero a responsable da actividade lle comenta que este curso está blindado pola presión da selectividade e non teñen horas libres; de feito pensa que se so ofrecemos a charla a ese curso, non lograríamos facela. O arqueólogo municipal, José M<sup>a</sup> Eguileta, manifesta que é preciso que na promoción se subliñe o prestixio da facultade e do título. Tamén se está pensando en facer unha aplicación co xogo das cartas. Todos os membros coinciden coa idoneidade das propostas: ampliálo á provincia de Pontevedra e subliñar o noso prestixio. Para subvencionar esta ampliación xeográfica solicitarase axuda á Vicerreitoría de Economía e Planificación.

Outro aspecto a comentar, no plan de viabilidade, é a importancia de poñer en valor a importancia da transmisión e adquisición do coñecemento, destes contidos xenéricos, incluso por riba da súa rendibilidade, resulta fundamental tamén a transferencia do coñecemento sobre o patrimonio galego, esta posta en valor do grao se manifesta a través das diferentes consultas e solicitudes de colaboracións de concellos e outras institucións.

No documento tamén faise fincapé no PCEO co Grao de Turismo, cuxa memoria está en trámite de consulta na Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica. Establécese un interesante e intenso debate sobre a figura dos guías

turísticos e as titulacións que habilitan para exercer esta profesión e as que non, entre a que está o Grao en Xeografía e Historia e si o Grao de Turismo.

Acórdase validar o Informe sobre o cumprimento do Plan de viabilidade para a súa aprobación na Xunta de Facultade.

**4. Validación, se procede, do Informe definitivo de autoavaliación da renovación da acreditación**

Despois de facer todas as correccións e suxestións feitas pola Área de Calidade e por esta comisión, xa que é a segunda vez que este documento se inclúe na orde do día, acórdase validar o Informe definitivo de autoavaliación da renovación da acreditación para que na vindeira Xunta de Facultade sexa aprobado.

**5. Validación, se procede, do Informe de renovación da acreditación do Máster interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

A comisión do máster aprobou o Informe de renovación da acreditación. O título acreditarase na USC o vindeiro 20-21 de febreiro.


Acórdase validar o Informe de renovación da acreditación do dito máster.

**6. Rolda de intervencións**

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.20 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez